



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 20 DE DECEMBRO DE 2016.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día 20 de decembro de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

**Non asiste Miguel Español Otero**

**Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martinez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

**PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (EXTRAORD. 15.12.2016)**

---

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 15 de decembro ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes nela.

**PUNTO 2.- INSTANCIAS**

---

Lese o escrito RE 7.815 de data 15 de decembro de 2016, presentado por D. AGUSTIN GOMEZ GONZALEZ, con enderezo na rúa Santo Domingo de Guzmán, nº 3-1º B de A Guarda, solicitando a retirada das acacias que están na beirarrúa do edificio onde reside. A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

**PUNTO 3.- ASUNTOS DE URBANISMO**

---

**3.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES.**

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 3.230/2016.- D. JUAN MARIÑO GONZÁLEZ, PARA SUBSTITUCIÓN DE PORTAL DE ACCESO A FINCA PARA VEHÍCULOS SITO NA RÚA DE COSTA DOS SOLDADOS, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "BAIXADA Á PRAIA DO MUIÑO" DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 3.328/2016.- D. RAFAEL VICENTE ÁLVAREZ, PARA SUBSTITUCIÓN DE FALSO TEITO DE ESCAIOLA DANADO POR INUNDACIÓN, SANEAR HUMIDADES DE PAREDES E VIGUETAS E ALICATADO DE BAÑO DA VIVENDA SITA NA RÚA DE IREIRA Nº. 8, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

3.502EXPEDIENTE 3.502/2016.- D. JUAN ANTONIO SUAREZ SA, PARA ADECENTAMENTO DE FACHADAS CONSISTENTE EN LAVADO DAS PAREDES CON MÁQUINA A PRESIÓN, REPASAR GRETAS E POSTERIOR PINTADO; REPASAR TELLADO E REPOR CUMIOS E PINTADO DE ALEIROS DA VIVENDA SITA NA RÚA DE CORUTO VELLO, Nº 9, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº 1 DO P.X.O.U.)

EXPEDIENTE: 4.314/2016.- D. ARTURO GONZÁLEZ GONZÁLEZ, PARA REPARACIÓN DE GRETAS EN FACHADAS E SANEAMENTO DE VOO EN BALCÓN DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE MURO Nº. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.315/2016.- D. EMILIO VERDE LOMBA, PARA REPARACIÓN DE GRETAS EN VENTÁS E PETO DE CUBERTA E ILLAMENTO EXTERIOR DE FACHADAS EN APLICACIÓN DO SISTEMA COTETERM DE 4 CMS. DE ESPESOR NUNHA SUPERFICIE DE 117,22 M<sup>2</sup>. DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE SAN CAETANO Nº. 78, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.433/2016.- D. BRASILINO ÁLVAREZ ÁLVAREZ, PARA REPARACIÓN DA CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 150,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA VELLA E BARROTES POR BARDOS CERÁMICOS DE 5 CM. E TELLA MIXTA NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 4º TRV. CORUTO VELLO Nº. 7, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.677/2016.- D. MANUEL CADILLA RODRÍGUEZ, PARA COLOCACIÓN EN FACHADA LATERAL ONDULINE NUNHA SUPERFICIE DE 83,00 M<sup>2</sup>. E ÁNGULO DE ALUMINIO, E LIMPEZA DE CAEIRO, ALEIROS E PINTADO DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE CALVARIO Nº. 43, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.687/2016.- D. LAUREANO DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 121,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA PLANA EXISTENTE E COLOCACIÓN DE TELLA NOVA NA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE TRANSVERSAL INGUIEIROS Nº. 9, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.802/2016.- D<sup>a</sup>. CARMEN VICENTE FERNÁNDEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE 70,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA DO PAIS E DEPÓSITO DE AUGA, E COLOCACIÓN DE URALITA E TELLA CURVA VEREA FIXADA CON ESPUMA E GANCHOS INOX. DA EDIFICACIÓN SITA NO Bº. DE SANTA TECLA Nº. 3, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.032/2016.- D<sup>a</sup>. GLENDA MARGARITA GONZÁLEZ MARTÍNEZ, PARA LIMPEZA DE FACHADAS CON MÁQUINA A PRESIÓN DE AUGA E POSTERIOR PINTADO CON PINTURA BLANCA ELÁSTICA IMPERMEABLE E COLOCACIÓN DE PEDRA ZÓCALO EN LATERAIS E BALCÓN DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE LUGO Nº. 6, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 5.156/2016.- D<sup>a</sup>. LUCIA MARTÍNEZ PÉREZ, PARA LIMPEZA DE FACHADAS CON MÁQUINA A PRESIÓN DE AUGA E POSTERIOR PINTADO CON PINTURA BLANCA ELÁSTICA IMPERMEABLE E COLOCACIÓN DE PEDRA ZÓCALO E LATERAIS DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE LUGO Nº. 8, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.228/2016.- D. JOSÉ RODRÍGUEZ GARCIA, PARA REALIZAR MURO DE PECHER NUNHA SUPERFICIE DE 88,20 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE NA APERTURA DE GABIA PARA REALIZAR CINCHO DE FORMIGÓN DE 25X25 CMS. E COLOCACIÓN DE BLOQUES DE COR BRANCO DE 40X20X15 CMS. ATA UNHA ALTURA DE 1,80 MTS. DA PARCELA SITUADA NA RÚA DE DONANTES DE SANGRE Nº.7 (PARCELA Nº. 271 DO POLÍGONO Nº. 179, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.676/2016.- D<sup>a</sup>. ANA MARÍA URIS ALONSO, PARA REALIZAR CONEXIÓN A REDE XERAL DE SUMIDOIROS Ó EDIFICIO SITO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 79, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 468/2016.- D. VICTOR MOREIRA PANTALEÓN, PARA REFORMA DE CUARTO DE BAÑO CONSISTENTE EN SUBSTITUIR ALICATADOS, LOUZA, FONTANERÍA, ELECTRICIDADE E PINTADO DO TEITO, SITO NA URBANIZACIÓN RIO MIÑO (VIVENDA 2-A ESC. 2).

EXPEDIENTE: 4.461/2016.- D<sup>a</sup>. MARÍA ELENA CARRERO LORENZO, PARA REPARACIÓN DE PARTE DA CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 95,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA VELLA EXISTENTE, COLOCACIÓN DE RASTRELES E POBLADO DE TELLA MIXTA CON REMATES DE CUMIOS E LIMAS NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE BAIXADA Á ARMONA Nº. 16, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.564/2016.- D<sup>a</sup>. SOCORRO GONZÁLEZ BARCIA, PARA REPARACIÓN DE PARTE DA CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 100,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA VELLA EXISTENTE POR URALITA E TELLA DO PAIS DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE PASEO DE PORTUGAL Nº. 124, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O PASAXE" DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.727/2016.- D. HECTOR MONTES MARTÍN-MATEOS, PARA SUBSTITUCIÓN DE MATERIAL DE CUBERTA NUNHA SUPERFICIE 100,00 M<sup>2</sup>. DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE A GRANXA Nº. 5, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.865/2016.- D. RICARDO DORADO SOBRINO, PARA LAVADO DE MURO DE PECHER DE PEDRA DE MAMPOSTERÍA CON MÁQUINA DE AUGA E REXUNTADO CON MASA DE CEMENTO NUNHA SUPERFICIE DE 48,00 M<sup>2</sup>., SITO NA RÚA DE PASEO DE PORTUGAL Nº. 115, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O PASAXE" DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.208/2016.- D<sup>a</sup>. MARÍA DEL CARMEN ÁLVAREZ MARTÍNEZ, PARA REPARACIÓN DO TELLADO DO CABANÓN SITO NA RÚA DE 2º TRV. BECHOS Nº. 11, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "BECHOS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 5.226/2016.- D<sup>a</sup>. CARMEN ALONSO NUÑEZ, PARA COLOCACIÓN EN FACHADA DE ONDULINE SOBRE CHAPA DE AISLAMENTO NUNHA SUPERFICIE DE 114,00 M<sup>2</sup>., REPARACIÓN DE GRETAS E LAVADO DE FACHADA CON MÁQUINA A PRESIÓN E PINTADO DE PAREDES NUNHA SUPERFICIE DE 140,00 M. DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN Nº. 140, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.500/2016.- D<sup>a</sup>. AMPARO MOREIRA CARRERO, PARA REPARAR O TELLADO NUNHA SUPERFICIE DE 184,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA EN MAL ESTADO E SUBSTITUILA POR OUTRA NOVA NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE SUBIDA A SAN AMARO Nº. 1, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.580/2016.- D<sup>a</sup>. MARÍA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ PÉREZ, PARA SANEAR A FACHADA PRINCIPAL CONSISTENTE EN PICADO DE AZULEXOS EXISTENTES E COLOCACIÓN DE PLAQUETA PORCELÁMICA COLOCADA CON CEMENTO COLA NUNHA SUPERFICIE DE 58,00 M<sup>2</sup>. NA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ Nº. 24, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.790/2016.- D. JOSÉ LUIS SAVARIZ DIAZ, PARA SANEAR A CUBERTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR NUNHA SUPERFICIE DE 90,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN POBLADO DE TELLA CURVA BERMELLA SOBRE URALITA EXISTENTE CON REMATE DE CUMIOS E LIMAS, SITA NA RÚA DE COUTO Nº. 8, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.780/2016.- D. FERNANDO ALONSO RODRÍGUEZ, PARA REPARACIÓN DE PARTE DA CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 40,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA VELLA EXISTENTE POR URALITA E TELLA NOVA DO PAIS DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS Nº. 60, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

### **3.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MAIORES.**

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras maiores:

#### **EXPEDIENTE NÚMERO: 1.721/2016.**

Examinado o proxecto técnico presentado con data 16-03-2016 (R.E. nº. 1.721), por **D<sup>a</sup>. SUSANA MARTÍNEZ GONZÁLEZ** con D.N.I. nº. 76.900.013-L e con domicilio no lugar de San Juan de Tabagón nº. 19 de O Rosal-C.P. 36760, para "INSTALACIÓN DUN ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS" sito na rúa de Malteses nº. 60, en Solo Urbano (Ordenanza Nº. 5 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico subscrito pola Arquitecta D<sup>a</sup>. Ana Isabel Lima Pacheco (Visado C.O.A.G.: 10-03-2016).

**PRIMEIRO.-** Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto municipal de data 23-11-2016, considérase **favorable** o proxecto para "instalación dun ascensor en edificio de vivendas", indicando que será responsabilidade do promotor o nomeamento do coordinador



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

de seguridade e saúde nas obras, nas circunstancias previstas no artigo 3 do RD 1627/1997.

**SEGUNDO.-** Visto o informe xurídico de data 23-11-2016, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental, ningún inconveniente para a súa concesión, polo que se informa **favorablemente**, de acordo coa seguinte proposta:

**1º.** Concede-la licenza municipal de obras para instalación de ascensor en edificio sito na rúa de Malteses nº. 60, a favor de D<sup>a</sup>. Susana Martínez González, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos (e responsabilidade do promotor nomear o coordinador de seguridade e saúde) e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D<sup>a</sup>. SUSANA MARTÍNEZ GONZÁLEZ**, licenza para “INSTALACIÓN DUN ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS” sito na rúa de Malteses nº. 60, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### **TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no <sup>5</sup>



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

**EXPEDIENTE NÚMERO: 7.344/2016.**

Examinado o proxecto técnico presentado con data 23-11-2016 (R.E. nº. 7.344), por **D<sup>a</sup>. SUSANA MARTÍNEZ GONZÁLEZ** con D.N.I. nº. 76.900.013-L e con domicilio no lugar de San Juan de Tabagón nº. 19 de O Rosal-C.P. 36760, para “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA 4 VIVENDAS” desenvolvido en (planta baixa, planta primeira, planta segunda, planta terceira e planta de baixo cuberta) sito na rúa de Malteses nº. 60, en Solo Urbano (Ordenanza Nº. 5 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico suscrito pola Arquitecta D<sup>a</sup>. Ana Isabel Lima Pacheco (Visado C.O.A.G.: 15-11-2016).

**PRIMEIRO.-** Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto municipal de data 01-12-2016, considérase **favorable** o proxecto para “instalación dun ascensor en edificio de vivendas”, indicando que será responsabilidade do promotor o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde nas obras, nas circunstancias previstas no artigo 3 do RD 1627/1997.

**SEGUNDO.-** Visto o informe xurídico de data 09-12-2016, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental, ningún inconveniente para a súa concesión, polo que se informa **favorablemente**, de acordo coa seguinte proposta:

**1<sup>o</sup>.** Concede-la autorización de excepcionalidade no cumprimento das normas de habitabilidade do anexo I do Decreto 29/2010 que se relacionan no informe do Arquitecto municipal de 01-12-2016, as cales deben indicarse expresamente na autorización que se conceda a favor de D<sup>a</sup>. Susana Martínez González. **Dita autorización debe ser notificada o IGVS en Pontevedra ós efectos no previsto no artigo 17 do devandito Decreto.**

**2.** Concede-la licenza municipal de obras de rehabilitación de edificio sito na rúa de Malteses nº. 60, a favor de D<sup>a</sup>. Susana Martínez González, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, debendo consignar o texto da licenza todo-os extremos relacionados no artigo 357.4 do DECRETO 143/2016, do 22 de setembro, polo que aprobouse o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos do proxecto... con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D<sup>a</sup>. SUSANA MARTÍNEZ GONZÁLEZ**, licenza para “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA 4 VIVENDAS” sito na rúa de Malteses nº. 60, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### **TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

### **3.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE LICENZAS DE APERTURA**

Exp. Nº 6.026/2016 de data 21.09.2016.-

Vista a comunicación previa feita por D<sup>a</sup>. SARA MAURI MARTINEZ con enderezo na Rúa de Rosentes, nº 4 da Guarda, para inicio de actividade de OUTROS PROFESIONAIS RELACIONADO CON SERVIZOS "GABINTE DE LOGOPEDIA" (Epíg. 899.2) no local sito na rúa Tomiño, nº 7-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 17 de novembro de 2016 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D<sup>a</sup>. SARA MAURI MARTINEZ licenza municipal nº 21/2016 para a apertura dun local dedicado á actividade de OUTROS PROFESIONAIS RELACIONADO CON SERVIZOS "GABINTE DE LOGOPEDIA" (Epíg. 899.2) no local sito na rúa Tomiño, nº 7-baixo da Guarda.



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Exp. Nº 4.886/2016 de data 29.07.2016.-

Vista a comunicación previa feita por BACAL DENTAL, S.L. con enderezo na Rúa de Concepción Arenal, nº 64-baixo da Guarda, para inicio de actividade de CONSULTAS CLÍNICAS ESTOMATOLÓGICAS Y ODONTÓLOGOS (Epíg. 973) no local sito na rúa Concepción Arenal, nº 64-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 20 de setembro de 2016 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a BACAL DENTAL, S.L. licenza municipal nº 22/2016 para a apertura dun local dedicado á actividade de CONSULTAS CLÍNICAS ESTOMATOLÓGICAS Y ODONTÓLOGOS (Epíg. 973) no local sito na rúa Concepción Arenal, nº 64-baixo da Guarda

**3.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE APERTURA.**

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 6.890/2016. MANUEL LUIS GONZALEZ LIMA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE REPARACIÓN OUTROS BENS CONSUMO NCOP [EPIG. 691.9] A REALIZAR NA RÚA MANUEL LOMBA, Nº 18-BAIXO, QUE ANTES FIGURABA A NOME DE D. FRANCISCO FERNANDEZ VAZQUEZ.

EXPEDIENTE: 5.094/2016. CRAMOEIRO, C.B. DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE OUTROS CAFÉS E BARES [EPIG. 673.2] A REALIZAR NA RÚA DE MALTESES, Nº 119-BAIXO QUE ANTES FIGURABA A NOME DE CHANCARELLOS,C.B.

*Sendo as dez horas e cincuenta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.*